



**Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa**  
**REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA**

**MD85PRO01**

# **Programación Repentización, transposición e acompañamento. TERCEIRO CURSO (6º G.P.)**

Modelo. Programación. MD85PRO01. 01/09/2017. 1

**Departamento de Fundamentos de Composición**

**CURSO 2018-19**





## Índice

---

<b>1.</b>	<b>Introdución.....</b>	<b>3</b>
<b>2.</b>	<b>Metodoloxía.....</b>	<b>5</b>
<b>3.</b>	<b>Atención á diversidade.....</b>	<b>8</b>
<b>4.</b>	<b>Temas transversais.....</b>	<b>11</b>
	4.1 Educación en valores.....	11
	4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s).....	12
<b>5.</b>	<b>Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....</b>	<b>13</b>
<b>6.</b>	<b>Secuenciación do curso.....</b>	<b>14</b>
	6.1 Curso: TERCEIRO.....	14
<b>7.</b>	<b>Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....</b>	<b>25</b>
<b>8.</b>	<b>Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....</b>	<b>26</b>





## 1. Introducción

---

O estudo do acompañamento abrangue tres cursos para as especialidades de piano , acordeón e crave, iniciándose xunto co derradeiro curso da disciplina de Harmonía que terá servido como base para adquirir uns coñecementos indispensables para abordar esta nova materia.

A práctica musical que se realiza baixo o nome de acompañamento caracterízase pola necesidade de interrelacionar capacidades, coñecementos e destrezas que, por si mesmas, constitúen ámbitos de saberes propios.

O sentido e valor educativo desta disciplina deriva da conveniencia de globaliza-los diversos compoñentes que a integran ( lectura a vista,transposición, realización de cifrados, etc...).

De acordo con isto, nos contidos básicos desta disciplina hai que outorgar un lugar prioritario os procedementos ou modos de saber facer, que se ben resultan de natureza diversa, artículanse en torno a tres eixos principais:

1. Destreza na técnica de execución
2. Plena comprensión dos coñecementos harmónicos
3. Capacidade creativa.

No referente a destreza na técnica de execución , entendémo-la como o grao de desenvolvemento dos mecanismos reflexos que a determinan, adquirida por suposto mediante a practica diaria o longo dos anos iniciais da educación instrumental e que o acompañamento virá a potenciar; ó mesmo tempo e fundamental a comprensión dos conceptos harmónicos adquiridos durante os dous cursos do grao profesional, que lle permitirán rapidez e facilidade no seu emprego, e que unido a súa capacidade creativa poderán desenvolvelos e aplicalos en situacións diversas.

Posto que o obxectivo principal desta disciplina consiste nun proceso practico de consolidación do pensamento harmónico e da capacidade de realización en tempo real, o conxunto de coñecementos que a integran debe estar intimamente relacionado a través dun





enfoque pedagógico común, aínda cando na práctica debe ser desagregado en diversos bloques.

Inclúense dentro dos bloques de contidos os seguintes campos de coñecementos:

- a) Destreza na transposición como mecanismo que permite adecua-la tonalidade á tesitura do solista, facilita a lectura de partituras de orquestra e ademais do seu valor funcional posúe un alto valor formativo que procede, por unha parte do dominio dos procedementos tradicionais e por outra, do enfoque sintético que aporta a lectura harmónica, grazas a todo o cal a estrutura interna dun fragmento musical pode ser interpretada en calquera tonalidade.
- b) Práctica da repentización como procedemento imprescindible para desenvolver automatismos que permitan ó instrumentista a realización instantánea do texto musical, asimilando o propio tempo e de forma inmediata as súas características en canto a época e estilo a que pertenza, tratando non soamente de incrementa-la capacidade de automatismo e velocidade na lectura do texto, senón de comprende-lo sentido dos seus elementos esenciais e interpretalos no instrumento a medida que se le a obra. Por iso a repentización esta estritamente relacionada coa análise, o que, pola súa vez, depende de toda unha serie de coñecementos teórico-prácticos previamente adquiridos.
- c) Realización de cifrados (baixos cifrados, cifrado funcional, cifrado americano) , como practica de acompañamento a unha melodía. Dita práctica permite relacionar de forma inmediata os coñecementos harmónicos coa súa aplicación instrumental e, por exixir un certo grao de creatividade, supón un primeiro contacto coa improvisación propiamente dita, cuxo estudo en profundidade se poderá abordar dentro do grao superior.
- d) Estudo da improvisación como elemento de formación que capacite, a través da práctica de fórmulas específicas, para elaborar acompañamentos a melodías, así como para construír pequenas pezas musicais que permitan,por medio de ambos as dous procedementos,obter un primeiro contacto coa improvisación propiamente dita, cuxo estudo en profundidade se poderá abordar dentro do grao superior.





Os contidos da repentización e acompañamento no grao profesional establecéronse non só polo seu valor de preparación para coñecementos que poidan adquirirse en tramos posteriores dentro dunha elección propia da especialización profesional, senón tamén polo valor intrínseco que representan na formación dun instrumentista. Por esta última razón, permanecen dentro do marco de coñecementos indispensables para satisfacer as necesidades habituais do instrumento.

## CONEXIONS CON OUTROS ESTUDIOS DO MESMO NIVEL OU TRAMO DE IDADE.

A materia de mento hase de relacionar especialmente coa materia de harmonía, cursada nos cursos terceiro e cuarto de Grao Profesional, así coma tamén coa Análise dos derradeiros cursos do mesmo Grao.

Buscaranse ademais as conexións co instrumento, en especial no que se refire a modelos de acompañamento que aparezan nas obras que o alumno coñece.

## 2. Metodoloxía

---

### PRINCIPIOS METODOLOXICOS

- O alumno aprenderá os contidos da materia realizando no piano as tarefas que se propoñan.
- O profesor dará atención específica a cada alumno para que o seu progreso sexa o axeitado.
- Na medida do posible, tratarase de relacionar os contidos da materia co resto das materias.
- De vez en cando farase a posta en común dos traballos co fin de que os alumnos poidan aprender uns dos outros. Fomentarase o respecto ós compañeiros e ós seus traballos.





## **DESEÑO DAS ACTIVIDADES**

- Explicación por parte do profesor do tema correspondente, a través de diferentes materiais.
- Exemplos prácticos relacionados co tema traballados no encerado ou no instrumento.
- Traballo en clase de exercicios adecuados ó tema e corrección dos mesmos.
- Audicións de obras ou fragmentos de diferentes estilos e posterior debate sobre os distintos aspectos que as conforman.
- Audición de música lixeira e debate sobre os patróns harmónicos e rítmicos utilizados nas mesmas.
- Análise de obras ou fragmentos propostos polo profesor ou de común acordo cos alumnos.
- Traballo de baixos cifrados na casa e corrección dos mesmos na clase seguinte.
- Traballo de lectura a primeira vista.
- Traballos de composición.
- Análise de obras ou fragmentos propostos polo profesor que serán corrixis e debatidos na clase.

## **SECUENCIACION DE ACTIVIDADES**

A secuenciación de actividades farase, de xeito progresivo, arredor dos contidos harmónicos que permiten desenvolver a materia. Así mesmo, o profesor adaptarase o nivel do alumno para acadar, na medida do posible, os contidos esixidos na programación. Dita secuenciación dependerá, ademais, do traballo desenvolvido polo alumno na casa.

## **AGRUPAMENTOS**

- Grupos de 1/1 unha vez por semana 1 hora cada sesión de clase

## **ESPACIOS**

- Aula de 15 metros cadrados





## **MATERIAIS**

- Equipo de Audio
- TV e Vídeo
- Ordenador e software musical
- Impresora e Scanner
- Un módulo de sons
- Un teclado “maestro”
- Un piano
- Mobiliario: encerado, armarios, cadeiras con pala, mesa e cadeira para o profesor, papeleira, percheiro.

## **RECURSOS DIDÁCTICOS**

### **Material Curricular Básico**

- Método de acompañamiento improvisado de López Artiga
- “101 ejercicios para la práctica de la repentización al piano” de Asíns – Arbó
- “Ejercicios de acompañamiento” de Manuel Oltra
- Doupond (método de transposición)

### **Material complementario**

- Libreta pautada
- Lapis de colores
- Diferentes partituras e material audiovisual que será facilitado polo profesor





### 3. Atención á diversidade

---

Considerase alumnado con necesidade específica de apoio educativo, aquel que, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, polas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ó sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar, require unha atención educativa diferente á ordinaria para que poda alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

#### **ALUMNADO QUE PRESENTA NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS (ANEE)**

Enténdese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais o que requira, por un período da súa escolarización ou ó longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas da discapacidade ou trastornos graves de conduta. Considérase ANEE cando amosa as seguintes características:

- a) Alumnos con dificultades de comunicación e linguaxe.
- b) Alumnado con discapacidade intelectual.
- c) Alumnado con hiperactividade e/ou déficit de atención.
- d) Alumnado con autismo.
- e) Alumnado con síndrome de DOWN.
- f) Alumnos con minusvalías físicas: adaptarse o espazo na aula e facilitarase o acceso á mesma.

#### **ALUMNADO CON DIFICULTADES ESPECÍFICAS DE APRENDIZAXE**

Considérase que unha alumna ou un alumno presenta dificultades específicas de aprendizaxe cando o seu rendemento en relación á adquisición e uso dunha ou varias das capacidades de comprensión e expresión oral, lectura, escritura, razoamento e cálculo matemático é significativamente discrepante co seu potencial de aprendizaxe.

Conceptualmente, desde un punto de vista amplo, os trastornos da aprendizaxe (TA) defínense en base a un rendemento escolar por debaixo do esperado nas capacidades para







a lectura, o cálculo e/ou a expresión escrita, tendo en conta a idade cronolóxica do alumnado, a súa escolarización e o seu nivel intelectual, que interfere negativamente no desenvolvemento do Proceso curricular e/ou nas actividades cotiás que requiren a adquisición das anteditas destrezas.

A resposta educativa axeitada aos TA vai consistir, pois, en detectar cales son as axudas que necesitan os estudantes para progresaren na súa aprendizaxe e empregar estas axudas en prol das necesidades inicialmente avaliadas.

### **ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS**

Unha alumna ou un alumno presenta altas capacidades intelectuais cando manexa e relaciona, de maneira simultánea e eficaz, nun nivel sensiblemente superior á media, recursos cognitivos verbais, numéricos, lóxicos, memorísticos, espaciais e creativos.

Considérase alumnado con sobredotación intelectual cando amosa as seguintes características: unha capacidade intelectual moi superior á esperada para a súa idade, unha alta creatividade e un alto grao de motivación e perseveranza.

Así, das persoas talentosas afírmase que mostran habilidades excepcionais en áreas moi concretas, polo que se caracterizan pola súa competencia específica.

Das persoas precoces destacan as aprendizaxes temperás, xa que manifestan unha competencia específica prematura, das que dicimos que son un prodixio, sinalamos que conseguen produtos inimaxinables e destacados para a súa idade.

Na elaboración das adaptacións curriculares individuais de alumnado con sobredotación, o máis frecuente é o uso de dous tipos de estratexias:

As adaptacións curriculares de ampliación ou enriquecemento vertical: consisten en aumentar a cantidade de contidos por aprender nunha ou varias áreas.

A ampliación curricular de enriquecemento horizontal: o aumento cuantitativo de contidos queda nun segundo lugar, mentres que prevalece a súa profundidade e a realización de interconexións entre os contidos que se aprenden.





## **ALUMNADO DE INCORPORACIÓN TARDÍA (PROCEDENTE DO ESTRANXEIRO)**

A chegada de poboación de orixe estranxeira á nosa Comunidade Autónoma, así como o retorno de emigrantes galegos e das súas familias, está a incidir notablemente na evolución da diversidade na nosa poboación escolar, de xeito que proporcionar unha resposta educativa a este alumnado convértese nunha liña prioritaria de actuación.

Adoptaranse cantas medidas se consideren necesarias para proporcionar a debida atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro que presente todas ou algunha das seguintes circunstancias: descoñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia, desfase curricular significativo, graves dificultades de adaptación. Estas medidas poderán ser tanto de tipo curricular como organizativo, irán dirixidas a todo o alumnado que conte cunha idade comprendida entre os tres anos e o límite da escolarización obrigatoria.

## **ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO POR CONDICIÓN PERSOAIS OU DE HISTORIA ESCOLAR**

Un alumno ou alumna pode presentar necesidade específica de apoio educativo derivada de condicións persoais ou de historia escolar cando manifesta dificultades na evolución das súas aprendizaxes e na adquisición de obxectivos e competencias por motivos de saúde, por pertenza a determinados grupos sociais ou minorías étnicas, por situacións socioculturais desfavorables, por escolarización desaxustada ou pola combinación de varios dos motivos mencionados.

Entre este alumnado inclúese aquel que presenta un retraso escolar significativo nunha ou en varias áreas ou materias, cun desfase curricular xeral de dous ou máis cursos ou niveis, e este non poida explicarse por necesidades educativas especiais, nin por dificultades específicas de aprendizaxe, nin por incorporación tardía ao sistema educativo. Entre este alumnado podemos considerar:

- a) Alumnado en situación de absentismo, abandono escolar temperán e/ou desescolarización.
- b) Alumnado que precisa atención educativa hospitalaria e domiciliaria.
- c) Alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal.





- d) Alumnado sometido a medidas de protección e tutela.
- e) Alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar.
- f) Alumnado pertencente a familias itinerantes.
- g) Atención educativa a xoves embarazadas.

## 4. Temas transversais

---

### 4.1 Educación en valores

A música, no dobre aspecto de ciencia e arte, contribúe ó desenvolvemento no plano intelectual á vez que no plano emocional/afectivo coma xeito de expresión persoal e interrelación cos demais. Por todo elo posúe un gran potencial no desenrolo do equilibrio persoal e na formación de hábitos de escoita, tolerancia e respecto hacia os demais e hacia o entorno. Neste sentido, a lei educativa actual prantexa a educación en valores, dende todas as actividades do centro, partindo do plantexamento dos contidos ou eixos transversais que, sin adxudicarse a ningunha disciplina, é necesario que estean presentes no currículo para alcanzar aa formación integral da persoa. Estas cualidades intrínsecas da práctica e do coñecemento da música concrétanse do seguinte modo nos eixos transversais do currículo:

1. EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA E EDUCACIÓN PARA A PAZ: aceptación e recoñecemento dos demais a través do fomento das actividades grupais e mellora do coñecemento de outras culturas a través da súa música.
2. A EDUCACIÓN PARA A SAÚDE: a práctica da música contribúe ó establecemento de hábitos de hixiene física e mental, xa que fomenta un desenvolvemento persoal equilibrado, a creación de novas vías de comunicación e a tendencia a perseguir a consecución dun ámbito que contribúa ao benestar. O primeiro aspecto cóidase de xeito específico nos contidos que fan referencia á educación da voz e corrección postural requirida tanto no canto coma no movemento e a danza. De xeito global, a música contribúe tamén ao equilibrio persoal na medida que se fomenta a





comunicación e se canaliza o desenvolvemento da expresividade, afondando no propio coñecemento e aceptación. •

3. **A IGUALDADE ENTRE AMBOS OS DOUS SEXOS:** no mundo musical evidéncianse ás veces actitudes estereotipadas acerca dos roles masculino e feminino, orixinadas na marxinação histórica -e obsoleta- da muller nos campos que supoñen unha proxección social. Os materiais deste Proxecto non dan cabida a ningún tipo de discriminación relacionada co sexo, nin na elección ou atribución dun instrumento para realizar unha interpretación, nin na distribución de tarefas de cara a crear unha coreografía, nin na composición e improvisación.
4. **EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR:** o mercado relacionado co consumo da música move un considerable volume económico, sendo o alumnado desta etapa un gran consumidor de produtos musicais. Polo tanto, é importante que adquira criterios de optatividade e de calidade que lle permita consumir de forma libre e razoada. Os materiais presentan un abano amplo de estilos musicais, asociados todos eles a unhas actividades que axudan ao alumnado a descubrilos e aprecialos.
5. **EDUCACIÓN AMBIENTAL:** é necesario concienciar o alumnado fronte á presenza indiscriminada e abusiva -a miúdo inútil e ademais, agresiva- do son no ámbito, fomentando a formación dunha actitude consciente e crítica

## 4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC 's)

A competencia do tratamento da información e competencia dixital consiste en dispoñer de habilidades para buscar, procesar e comunicar información e aprender a transformala en coñecemento. Para desenvolver esta competencia os alumnos utilizarán as TIC nos procesos de aprendizaxe. Todas as actividades musicais pódense traballar nesta contorna.

Ditas (TIC) constitúen un dos eixos centrais da moderna sociedade da información e do coñecemento, cuxo alcance se estende a todas as parcelas da actividade humana, entre elas, a que configuran as disciplinas artísticas. Neste sentido, o carácter especializado dos estudos musicais nas súas diferentes vertentes instrumentais ou vogal pode e debe





complementarse coa adecuada formación dos instrumentistas ou cantantes no campo das TIC, como elemento indispensable da formación e do exercicio profesional do futuro músico. Neste contexto, a música incorporouse progresivamente ao acelerado proceso de innovacións científicas e tecnolóxicas que propiciaron a aparición de materias ou especialidades que teñen por obxecto tanto a adquisición dunha linguaxe comprensivo e unitario de todos os aspectos relacionados coas novas tecnoloxías, como a súa utilización e aplicación musicais. Para achegar aos estudantes a un primeiro contacto coa informática musical, parece necesario introducir os elementos básicos e a toma de contacto directo con esta disciplina de tanta aplicación e importancia na formación complementaria actual e futura de todo músico. Desta forma, amplíase e complementa o proceso formativo no que tanto esta materia como o resto (incluídas as optativas) contribúen notablemente a consolidar as bases e a orientación cara a posibles estudos posteriores ou ben cara ao exercicio profesional. Para este tipo de estudos requírese un equipamento informático completo, que contemple os recursos de hardware e software adecuados, así como os elementos accesorios e periféricos adecuados.

A web do centro constitúe un punto de referencia centralizada onde se aloxa aquela información de utilidade para toda a comunidade escolar, ademais de desempeñar certo labor de promoción do centro e das actividades que se organizan (reforzándose neste caso coas redes sociais coma Facebook e Twitter, Whatsapp...).

De vital importancia é a utilización da plataforma informática de xestión dos conservatorios CENTROS NET. Preténdese ir potenciando o uso da área do profesorado, así como da área do alumnado, onde estará dispoñible a programación didáctica e diferentes materiais relacionados coa materia: exercicios, contidos teóricos, enlaces a diferentes webs de recursos específicos, youtube, etc.





## 5. **Actividades culturais e de promoción das ensinanzas**

---

- Realización de audicións dos propios alumnos no conservatorio.
- Audición de obras de diferentes épocas que inclúan os contidos do curso ademais de outros novos.
- Asistencia habitual a concertos.
- Asistencia a cursos monográficos relacionados cos contidos.

## 6. **Secuenciación do curso**

---

### 6.1 **Curso: TERCEIRO**

#### 6.1.1 **Obxectivos**

- Coñecer, como esquemas de pensamento, os elementos e procedementos harmónicos e fraseolóxicos básicos do sistema tonal.
- Improvisar unidades formais a partir dun esquema harmónico dado, así como un acompañamento a unha melodía a partir ou non dun baixo cifrado.
- Demostra-los reflexos necesarios para resolver, no momento as posibles eventualidades que poidan xurdir na interpretación.
- Identificar a través da análise de obras as súas seccións para determina-los aspectos esenciais que faciliten a lectura a primeira vista.
- Valora-la improvisación como unha práctica que desenvolva a creatividade e a imaxinación musical.
- Empregar a lectura á vista e a transposición como desenvolvemento formativo de capacidades e reflexos.
- Coñecer e utilizar diferentes tipos de cifrado.
- Recoñece-la estrutura harmónica e o fraseo dunha obra ou fragmento segundo se toca a primeira vista ou despois dunha lectura rápida sen instrumento.





- Coñecer, como esquemas de pensamento, os elementos e procedementos harmónicos e fraseolóxicos básicos do sistema tonal.
- Improvisar unidades formais a partir dun esquema harmónico dado, así como un acompañamento a unha melodía a partir ou non dun baixo cifrado.
- Demostra-los reflexos necesarios para resolver, no momento as posibles eventualidades que poidan xurdir na interpretación.
- Identificar a través da análise de obras as súas seccións para determina-los aspectos esenciais que faciliten a lectura a primeira vista.
- Valora-la improvisación como unha práctica que desenvolva a creatividade e a imaxinación musical.
- Empregar a lectura á vista e a transposición como desenvolvemento formativo de capacidades e reflexos.
- Coñecer e utilizar diferentes tipos de cifrado.
- Ser capaz de resumir no piano partituras orquestáis a través da redución das diferentes voces das mesmas.

### 6.1.2 Contidos

#### CONCEPTUAIS

- Análise harmónica aplicada á repentización.
- Análise rítmica aplicada á repentización.
- Análise melódica aplicada á repentización.
- A frase musical: análise dos diferentes tipos.
- Análise formal, harmónico e rítmico-melódica de partituras de tipo sinxelo e diferentes estilos.
- Coñecemento teórico da estrutura das principais formas musicais.







- Improvisación de ejercicios con diferentes patrones harmónicos e con variantes rítmicas de progresiva dificultade.
- Desenvolvemento improvisado de estruturas harmónicas: proceso pregunta – resposta.
- Perfeccionamento da práctica da lectura harmónica.
- Perfeccionamento da práctica do cifrado harmónico.
- Perfeccionamento da práctica do cifrado Americano.
- Utilización e significado de todo tipo de cifrados correspondentes ás tríadas e sétimas na harmonía tonal ademais doutros acordes característicos (9ª de dominante, 6ª Napolitana, 6ª aumentada...)
- Memorización da estrutura harmónica previa á lectura de fragmentos.
- O transporte como desenvolvemento formativo de capacidades e reflexos.
- Técnica e mecánica tradicional do transporte: claves, armaduras, diferencias, ... , e a súa utilidade práctica.
- A lectura a vista e a súa aplicación práctica.
- Coñecemento e aplicación de patrones: Modelos de acompañamento tanto clásicos coma modernos (baixo Alberti , vals, tango...)
- Harmonización de melodías : Identificación de funcións tonais, procesos cadenciais e de substitución tonal

## PROCEDIMENTAIS

- Analiza-lo ritmo, melodía e harmonía de obras ou fragmentos propostos para a repentización.
- Analizar os diferentes tipos de frases.
- Analizar partituras determinando a súa forma.
- Improvisar enlaces harmónicos con todo tipo de acordes en diferentes tonalidades.
- Improvisación e desenvolvemento de motivos melódicos por diferentes métodos: Ornamentación , enlace ,transporte cambio de nivel.







- Improvisar unha estrutura harmónica que sirva como base a unha melodía dada.
- Aplicar diferentes patróns rítmicos a estruturas harmónicas dadas.
- Ler baixos con todo tipo de acordes estudados nos seus diferentes estados.
- Transportar pezas de progresiva dificultade a calquera intervalo, tanto ascendente coma descendentemente.
- Ler a primeira vista partindo dunha análise previa da obra.
- Harmonizar melodías cos acordes estudados.
- Reducir ao piano partituras orquestrais e camerísticas sinxelas .

### **ACTITUDINAIS**

- Demostra-lo interese pola materia coa asistencia regular ás clases.
- Demostra-lo interese pola materia co traballo diario de aula: exercicios, análises, improvisacións, composicións propias, etc.
- Realiza-los traballos individuais, indicados polo profesor, fora da aula e presentárllelos para a súa corrección.
- Colaborar cos distintos departamentos do centro acompañando a alumnos de grao elemental en audicións ou concertos.
- Demostra-lo interese polos concertos organizados no conservatorio e fora do mesmo.

### **6.1.3 Avaliación**

#### **Criterios de avaliación**

1. Chegar a través da análise á estrutura harmónica interna dun fragmento de partitura para teclado en partituras dun nivel de sexto curso.

*Mediante este criterio valórase a capacidade do alumno para utiliza-la análise coma ferramenta básica para comprender harmonicamente unha obra e poder determina-los diferentes tratamentos a que está sometida polo compositor.*





2. Realizar estruturas cadenciais de todo tipo, levadas a cabo con diferentes tratamentos rítmicos.

*Este criterio permite avalia-la capacidade do alumno para realizar de forma práctica e instrumental esquemas harmónicos cadenciais, empregando acordes en diferentes estados e partindo como modelo de traballo da análise de fragmentos de partituras con este tipo de procesos.*

*Tamén se poderá valora-la capacidade do alumno para utiliza-la análise como ferramenta básica.*

3. Superpoñer a unha estrutura harmónica unha estrutura melódica tipo pregunta - resposta.

*Este criterio pretende avalia-la capacidade do alumno para crear, partindo de estruturas harmónicas dadas, diferentes estruturas melódicas relacionadas coas mesmas, así coma a súa habilidade para organizar de forma lóxica o fraseo resultante a través do emprego de elementos e procedementos que poidan organizarse en forma de pregunta –resposta.*

4. Traspoñer a distintos intervalos unha estrutura harmónica na que sen que se inclúan inversións de acordes.

*Trátase de avalia-lo grao de adquisición por parte do alumno do dominio de todas as tonalidades de forma estruturada.*

5. Traspoñer a distintos intervalos obras ou fragmentos a calquera número de voces.

*Trátase de avalia-lo grao de adquisición por parte do alumno do dominio do transporte harmónico e melódico.*

6. Realizar un acompañamento harmónico - rítmico a unha melodía proposta.

*Trátase de avalia-la capacidade do alumno para crear de maneira funcional, rápida e persoal unha base harmónico - rítmica a una melodía dada. Utilizarase a análise coma ferramenta básica para descubrir os procedementos habituais así coma un certo grao de liberdade.*

7. Ler harmonicamente unha partitura para teclado.





*Este criterio é para avalia-los coñecementos analíticos do alumno no referente á identificación das estruturas harmónicas básicas, mediante un exercicio de lectura baseado na eliminación do que non sexa esencial dende o punto de vista harmónico.*

8. Ler á vista unha obra para teclado previo análise da mesma

*Trátase de avalia-la capacidade do alumno para recoñece-las posibles dificultades de interpretación dunha obra (rítmicas, harmónicas, dinámicas, problemas de dixitación, etc.) e a súa destreza para a interpretación correcta da mesma.*

#### Mínimos esixibles

### CRITERIOS MÍNIMOS

1. Interpretar un baixo cifrado dado polo profesor baseado nos contidos da programación e cunha extensión máxima de 8 compases.
2. Analizar un fragmento proposto polo profesor para a súa interpretación.
3. Transportar un fragmento a distancia de segundas ou terceiras maiores e menores.
4. Realización do acompañamento dunha melodía.

En caso de perda da avaliación continua, ademais da proba obxectiva final o profesor poderá solicitar periodicamente o alumnado a entrega de diversos traballos que contarán un 20% da nota final, sempre que a proba obxectiva estea superada.

### CONTIDOS MINIMOS PARA A SUPERACION DA MATERIA

1. Análises formais, harmónicos, rítmicos e melódicos aplicados á repentización.
2. Improvisación de exercicios cunha harmonía variada.
3. Interpretación correcta ao piano do cifrado harmónico.
4. Memorización de estruturas harmónicas.
5. Lectura a vista de partituras.
6. Realización correcta ao piano de todo tipo de modelos de acompañamento.
7. Harmonización de melodías.





## Procedementos e ferramentas de avaliación

### **ACTIVIDADES DE AVALIACION**

- Exames relativos ós contidos da materia.
- Traballos relativos ós contidos da materia realizados fora da aula.
- O traballo realizado na clase.

### **MOMENTOS DA AVALIACION**

- I. Avaliación diagnóstica ou inicial: farase por medio da observación do comportamento e as destrezas do alumno.
- II. Avaliación continua ou de progreso: os resultados das probas, dos traballos e da observación na clase permitirannos controlar e regular a marcha do proceso de aprendizaxe.
- III. Avaliacións de aproveitamento e de certificación de nivel: ademais do seguimento semanal na aula e dos traballos propostos, cada trimestre farase unha proba na que os alumnos deberán demostrar o coñecemento dos contidos da materia.
- IV. Actividades de autoavaliación do alumnado: a valoración farase mediante a análise por parte do propio alumnado (axudado en caso de ser necesario polo profesor) das actividades levadas a cabo. Desta maneira o alumnado e o profesorado poderán coñecer e valora-la súa propia evolución no proceso de aprendizaxe.
- V. Actividades de recuperación: os alumnos con avaliacións pendentes terán a posibilidades de facer actividades complementarias para supera-los contidos correspondentes.

## **Calibración**

Realizarase, ao menos, una proba anual de calibración, onde o profesorado da especialidade acordará previamente o funcionamento da proba, e será comunicado ao alumnado, coa antelación suficiente.





Segundo o artigo 2º das Ordes do 8 de febreiro de 2008 e do 11 de febreiro de 2008 polas que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e danza, e nos puntos 1.5 e 1.6. da Circular 21/2008 e o proceso PR76CAL (Homoxeneización e calibración), os departamentos determinarán o tipo e partes da ou das probas, así como os valores de referencia asignados as mesmas.

## **PROBAS OBXECTIVAS I**

### **Ampliación, suficiencia e finais**

1. Lectura á vista no piano dunha obra para teclado previa análise da mesma, para o que se dará un tempo de 10 min. en peche individual nun aula con piano.
2. Lectura no piano dun baixo cifrado de 8 compases (elixido polo profesor ou tribunal entre os traballados polo alumno) que inclúa tódolos contidos traballados ó longo do curso.
3. Traspoñer unha obra das traballadas no curso ó intervalo que decida o profesor ou tribunal.
4. Composición dun acompañamento harmónico-rítmico a unha melodía de 12 compases proposta polo profesor ou tribunal.

O tempo de realización desta proba será de 1 hora

## **PROBAS OBXECTIVAS II**

(Criterio de mínimos)

- Lectura á vista no piano dunha obra sinxela para teclado previa análise da mesma, para o que se dará un tempo de 15 min. en peche individual nun aula con piano.
- Lectura no piano dun baixo cifrado de 4 compases (elixido polo profesor ou tribunal entre os traballados polo alumno) que inclúa triadas fundamentais e invertidas.
- Traspoñer un fragmento dos traballadas no curso ó intervalo que decida o profesor ou tribunal.





- Composición dun acompañamento harmónico-rítmico a unha melodía de 8 compases proposta polo profesor ou tribunal.

O tempo de realización desta proba será de 1 hora

En caso de perda da avaliación continua, ademais da proba obxectiva final o profesor poderá solicitar periodicamente o alumnado a entrega de diversos traballos que contarán un 20% da nota final, sempre que a proba obxectiva estea superada.

#### Criterios de cualificación

#### **PONDERACIÓN XERAL:**

Traballo de Aula (controis, exámenes, etc.) **70%**

Asistencia **10%**

Traballo persoal **20%**

#### **PONDERACIÓN ESPECÍFICA:**

Repentización **20% \***

Baixo cifrado , patróns harmónicos **20% \***

Transposición **20% \***

Acompañamento **20%**

Improvisación **10%**

Redución de partituras **10%**

\*Estes apartados consideraranse mínimos e deberán sumar 5 puntos para aprobar o curso.





### Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios de promoción serán que o alumno demostre a asimilación dos contidos sinalados no apartado de mínimos.

#### 6.1.4 Medidas de recuperación

##### Procedementos de recuperación ordinarios

### RECUPERACIÓNS

Os alumnos que na proba final non superen os contidos da mesma terán opción de realizar un segundo exercicio que abrangue os contidos mínimos.

Dito exercicio realizarase no mes de xuño, antes da reunión de avaliación por parte dos profesores.

Os alumnos poderán utilizar as titorías coma reforzo.

##### Probas extraordinarias de setembro

Aqueles alumnos que non superen a materia en Xuño, poderán examinarse en Setembro dos contidos que queden pendentes, ou de aqueles que estime oportuno o seu profesor, mediante un informe de avaliación negativa que se dará ao titor do alumno na avaliación final.

#### 6.1.5 Recursos didácticos

##### Material Curricular Básico

- “Método de acompañamiento improvisado” de López Artiga
- “101 ejercicios para la práctica de la repentización al piano” de Asíns – Arbó
- “Ejercicios de acompañamiento” de Manuel Oltra
- Doupond (método de transposición)





### **Material complementario**

- Libreta pautada
- Lapis de colores
- Diferentes partituras e material audiovisual que será facilitado polo profesor

### **BIBLIOGRAFÍA**

- Romero, Alfonso: Ejercicios de transposición y repentización.
- Molina, Emilio: Improvisación al piano vols. I y II. Ed. Real Musical.
- Santacana, Benjamín: El piano a primera vista
- Asíns Arbó, Miguel: Teoría y práctica del bajo cifrado en su realización al piano. Ed. Real Musical 1985.
- Williard, Camilo: Tratado de acompañamiento. Ed. Real Musical 1981.
- Varios autores: Cursos de repentización vol. I. Textos y grabaciones pedagógico-musicales, S.L., Madrid, 1979.
- Tobin, R. : How to improvise piano accompaniments. Real Musical

## **7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica**

---

Procederáse á valoración da programación didáctica despois de cada avaliación, tendo en conta as cualificacións e o análise detallado de tódolos obxectivos e contidos incluídos.

Levarase a cabo un seguimento mensual sobre o cumprimento da programación.

O final de cada curso revisarase a consecución dos obxectivos baseándose no traballo por parte do alumnado dos diferentes cursos.

Os procedementos de avaliación a utilizar serán os seguintes:

- I. Avaliación diagnóstica inicial. Nas primeiras clases farase un control do nivel que trae o alumnado do curso anterior.







- II. Avaliación continua ou de progreso. Ó longo do curso farase uso das actividades e criterios de avaliación para comprobar a evolución do alumnado.
- III. Avaliacións trimestral e final. Ó final de cada trimestre e do curso realizarase algunhas das actividades de avaliación previstas na programación, para comprobar o nivel acadado polo alumnado.

## **8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento**

---

Os integrantes do departamento estarán atentos ao grao de cumprimento das respectivas programacións didácticas, así como da evolución de cada un dos alumnos e alumnas que cursan as materias impartidas. Nas reunións departamentais teranse en conta os indicadores de calidade de ensinanza, que marcarán as seguintes actuacións: · Grao de cumprimento da programación didáctica · Nivel de participación e asistencia ás clases · Relación de resultados cuantitativos obtidos a curto prazo · Número de actividades postas en marcha · Valoración positiva por parte do profesor · Grao de eficacia das actividades deseñadas. En vistas dos resultados obtidos, cada certo tempo pódense prever actuacións escolares e extraescolares específicas que fomenten a consecución de obxectivos marcados polas programacións. A este efecto pódense ofertar clases de apoio educativo, así como clases de apoio ao estudo que reforcen certos aspectos que demande o alumnado. Despois de cada avaliación trimestral realizaranse estudos de porcentaxes de resultado, sometendo a debate a posibles liñas de actuación, así como a posibilidade de ofrecer métodos de recuperación alternativos. Ao remate do curso realizarase unha memoria final na que se faga unha reflexión profunda sobre o grao de cumprimento da programación, así como as actuacións que foron ou que serán precisas para o futuro para o correcto funcionamento do departamento. Axuntaranse igualmente as porcentaxes de resultados por materias e a relación de actividades paralelas desenvolvidas.

En canto a autoavaliación do departamento:





1. Reparto de enquisas entre o alumnado con cuestións coma o seu nivel de satisfacción coa materia e o seu nivel de comprensión da mesma.
2. Estatísticas comparativas dos resultados entre diferentes alumnos, incluíndo distintos anos e profesores.

En base ós resultados destas actividades, implementaránse as medidas correctoras oportunas.





# ANEXOS

## Probas de acceso a outros cursos.

### 3º CURSO (6º Grao Profesional)

#### Contidos.

1. Lectura á vista no piano dunha obra sinxela para teclado previa análise da mesma, para o que se dará un tempo de 15 min. en peche individual nun aula con piano.
2. Lectura no piano dun baixo cifrado de 4 compases (elixido polo profesor ou tribunal entre os traballados polo alumno) que inclúa triadas fundamentais e invertidas.
3. Traspoñer un fragmento dos traballadas no curso ó intervalo que decida o profesor ou tribunal.
4. Composición dun acompañamento harmónico-rítmico a unha melodía de 8 compases proposta polo profesor ou tribunal.

#### Cráterios de cualificación.

##### PONDERACIÓN ESPECÍFICA:

Repentización **25% \***

Baixo cifrado , patróns harmónicos **25% \***

Transposición **25% \***

Acompañamento **25%**

